
Despois de ser practicada a notificación infrutuosa e/ou non tendo acudido a persoa interesada a manifestar a súa disconformidade coa baixa, ou, no caso contrario, para comunicar cal é o seu novo domicilio habitual.

En virtude do sinalado dispoño a adopción da seguinte resolución:

Declarar que as seguintes inscricións padroais causan baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes deste municipio, e que dita data de efectos será, conforme ó disposto na Lei 30/1992 de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a da notificación ao interesado, ou a da publicación da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia.

1º Apelido	2º Apelido	Nome	Data Nac.	Núm. Identif.
AMADO	MANSO	JOSE	31-07-1930	32695515-A
GIARDINO	HARSANYI	SALVATORE RODOLFO	08-04-1956	4999739
VERDESIO	PI	MARINA MARIA	21-04-1958	189171
GIARDINO	VERDESIO	GIANNI EMILIO	13-12-1984	951164
MUÑOZ	MANZANARES	ALEJANDRO	14-06-1990	23055063-R
MANZANARES	GARCIA	Mª CARMEN	08-08-1962	22951689-N
MUÑOZ	MARTINEZ	FRANCISCO SALVADOR	12-04-1958	31401253-C
ATEHORTUA	UPEGUI	ZANDRA MARIA	31-12-1972	43815981
CASTAÑEDA	RODRIGUEZ	ALBA MARIA	02-03-1984	39287428
PEREZ	PAZ	MIGUEL ANGEL	09-10-1967	32652622-M
RUIZ	VARGAS	WASHINGTON EDUARDO	19-05-1964	3345799-N

Polo tanto, segundo establece o apartado II, punto C.2 da Resolución do 9 de abril de 1997 da Subsecretaria do Ministerio da Presidencia, concédese un prazo de QUINCE DIAS a contar dende o seguinte a notificación ou a da publicación, para que, os interesados poidan manifestar por escrito, se están ou non de acordo co expediente que se tramita, podendo aportar os documentos e xustificacións que estime pertinentes, ó obxecto de acreditar a súa residencia.

Así o mando e asino na Casa do Concello de Ferrol o día -9 FEB 2009

O ALCALDE

PD

(BOP 01-12-08)

O Concelleiro coordinador delegado da Área de Facenda e Patrimonio

Asdo.: Ramón Eduardo Veloso Rodríguez

Ante min

O Secretario Xeral ACCIDENTAL

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A LARACHA

Aprobación padrón fiscal

EDICTO: EXPOSICIÓN PÚBLICA APROBACIÓN DE PADRÓNS FISCAIS

Por resolución de Alcaldía de 10 de xuño do 2009 adoptouse o seguinte acordo:

VISTO o padrón da taxa polos servizos de abastecemento e distribución de auga, incluídos os dereitos de enganche, correspondente ó 2º trimestre do 2009.

VISTO o padrón da taxa polos servizos de saneamento e depuración de augas residuais correspondente ó 2º trimestre de 2009.

VISTO o informe de intervención de data 10 de xuño do 2009.

En uso das atribucións conferidas pola normativa vixente,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar o padrón da taxa polos servizos de abastecemento e distribución de auga, incluídos os dereitos de enganche correspondente ó 2º trimestre de 2009.

Segundo.- Aprobaro o padrón da taxa polos servizos de saneamento e depuración de augas residuais correspondente ó 2º trimestre de 2009.

Terceiro.- Expoñer ó público os padróns aprobados, mediante a publicación de edicto no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios da corporación, por un prazo de 15 días dende a publicación. Esta exposición actúa como notificación colectiva a todos os contribuíntes nos termos do artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Cuarto.- Contra as liquidacións incorporadas ó padrón, os interesados poderán interpor recurso de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente, dacordo co artigo 14.2 do real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo dun mes dende o día seguinte á publicación do edicto no B.O.P. Contra a desestimación do recurso poderase interpor recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte á notificación da resolución expresa ou de 6 meses dende que se produza a desestimación presunta.

Quinto.- O prazo de cobro en período voluntario será de 2 meses contados a partir do día seguinte ó da finalización da exposición pública. Transcorrido o mesmo procederase a esixir os xuros de mora e os recargos dacordo cos artigos 26 a 28 da Lei 58/2003.

A Laracha, a 10 de xuño do 2009

O Alcalde

José Manuel López Varela

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****MUROS**

Orzamento xeral da Corporación para o ano 2009

ANUNCIO

ORZAMENTO XERAL DA CORPORACIÓN PARA O ANO 2009

En cumprimento do que dispón o art. 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Muros publica o resumo por capítulos do Orzamento Xeral da Corporación para o ano 2009, trala súa aprobación definitiva polo Pleno da Corporación con data 30 de abril de 2009:

ORZAMENTO DE INGRESOS	
OPERACIÓNS CORRENTES	
I. Impostos directos	1.033.350,00 €
II. Impostos indirectos	350.000,00 €
III. Taxas e outros ingresos	1.302.135,59 €
IV. Transferencias correntes	3.109.489,14 €
V. Ingresos patrimoniais	64.364,51 €
OPERACIÓNS DE CAPITAL	
VII. Transferencias de capital	616.681,57 €
VIII. Activos financeiros	12.020,24 €
IX. Pasivos financeiros	0,00 €
ORZAMENTO DE GASTOS	
OPERACIÓNS CORRENTES	
I. Gastos de persoal	2.461.600,00 €
II. Bens e servicios correntes	2.099.387,19 €
III. Gastos financeiros	162.500,00 €
IV. Transferencias correntes	89.660,00 €
OPERACIÓN DE CAPITAL	
VI. Investimentos reais	925.535,13 €
VII. Transferencias de capital	280.086,37 €
VIII. Activos financeiros	12.020,24 €
IX. Pasivos financeiros	235.000,00 €
TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS	6.488.041,05 €
TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS	6.265.788,93 €

ANEXO DE PERSOAL

P: en propiedade

V: vacante

A. PERSOAL FUNCIONARIO			
	GR.	NIVEL	SIT.
FUNCIONARIOS DE CARREIRA			
Secretaría	A1	27	P
Intervención	A1	27	P
FUNCIONARIOS PROPIOS DA C.C.L.L.			
I.- ESCALA DE ADMÓN. XERAL			
a) Subescala Técnica			
Técnico-Tesoureira	A1	27	P
Técnico de Administración Xeral	A1	25	P
Técnico en Relacións Institucionais	A1	21	P
b) Subescala Administrativa			
Administrativo	C1	22	P
Administrativo	C1	19	P
Administrativo	C1	19	P
Administrativo	C1	19	P

c) Subescala Auxiliar			
Auxiliar	C2	16	P
Auxiliar	C2	16	P
Auxiliar	C2	16	V
d) Subescala Subalterna			
Porteiro	E	14	P
Conserxe (Colexio de Valdexería)	E	14	V
Conserxe (Colexio de Esteiro)	E	14	V
Limpadora	E	13	P
FUNCIONARIOS PROPIOS DA C.C.L.L.			
II.- ESCALA DE ADMÓN. ESPECIAL			
a) Subescala Técnica			
a.1) Técnico Superior			
Pedagoga	A1	25	P
a.2) Técnico Medio			
Arquitecto Técnico	A2	25	P
Educadora	A2	22	P
Traballadora Social	A2	21	P
Axente de emprego	A2	21	P
a.3) Técnico Auxiliar			
Bibliotecaña-Arquivoira	C1	19	P
Monitor cultural	C1	19	P
Operador Informático	C2	16	P
b) Subescala de Servicios Especiais			
b.1) Policía Local			
Inspector	A2	20	P
Oficial	C1	18	P
Policía	C1	16	P
Policía	C1	16	P
Policía	C1	16	P
Policía	C1	16	P
Policía	C1	16	P
Policía	C1	16	V
Policía, 2ª actividade	C1	16	P
b.2) Persoal de Oficios			
Encargado Brigada	C1	21	P
Xefe da brigada de obras	C2	17	P
Oficial de Obras	C2	17	P
Oficial/conserxe (Pavillón de Esteiro)	C2	15	P
B. PERSOAL LABORAL FIXO			
Oficial/conductor (bombeiro)	IV	17	P
Mecánico/conductor (bombeiro)	IV	17	P
Oficial/conductor retroexc. (bombeiro)	IV	17	V
Oficial/conserxe (Casa da Cultura)	IV	17	P
Xefe da brigada de medio-ambiente	IV	17	V
Auxiliar da Policía local	IV	16	P
Xefe da área de deportes	IV	16	V
Oficial/conserxe (Pavillón de Muros)	IV	15	V
Oficial/conductor tractor	IV	15	V
Peón especialista	IV	15	V
Peón especialista	IV	15	V
Peón especialista	IV	15	V
Monitor deportivo	V	14	P
Operario/conserxe (Pavillón de Muros)	V	14	P
Operario da brigada	V	14	P
Operario da brigada	V	14	P
Operario da brigada	V	14	P
Operario da brigada	V	14	P
Operario da brigada	V	14	P
Operario da brigada	V	14	P
Limpadora vía pública	V	14	P
Limpadora vía pública	V	14	V
Auxiliar de axuda a domicilio	V	14	P
Auxiliar de axuda a domicilio	V	14	P
Auxiliar de axuda a domicilio	V	14	V
Limpadora edificios públicos (Colexio de Esteiro)	V	13	P
Limpadora edificios públicos (Pavillón de Mirafores)	V	13	P

Limpadora edificios públicos (Colexio de Valdexería)	V	13	P
Limpadora edificios públicos (Colexio de Louro)	V	13	P
Limpadora edificios públicos (Concello e outros)	V	13	V
Limpadora edificios públicos (Pozo do Cachón e outros)	V	13	V
Limpadora edificios públicos (Pavillón de Esteiro)	V	13	V
Limpadora edificios públicos (Colexio de Valdexería)	V	13	V
Limpadora edificios públicos (Locais Esteiro e outros)	V	13	V
Limpadora edificios públicos (Colexio de Esteiro)	V	13	V

PERSONAL LABORAL EVENTUAL	MESES	PERSOAS
Animadora turístico-cultural Cachón	12	1
Auxiliar administrativo bienestar social	12	1
Auxiliar administrativo piscina	8,50	2
Auxiliar administrativo piscina vacacións	0,71	2
Auxiliar área de mocidade	12	1
Auxiliar OMIC e ax. lectura Esteiro	12	1
Auxiliar oficina de turismo	6	1
Auxiliar oficina de turismo verán	3	1
Axente de sostibilidade (1/2 xorn.)	12	2
Axuda a domicilio	12	3
Axuda a domicilio	8	1
Axuda a domicilio vacacións	7	1
Delineante	12	1
Encargado mantemento piscina	8,50	1
Encargado mantemento piscina vacacións	0,71	1
Guía de turismo Cachón (petroglifos)	12	1
Instructor piscina 1	9	1
Instructor piscina 1 vacacións	0,71	1
Instructor piscina 2	9	1
Instructor piscina 2 vacacións	0,71	1
Limpadora de edificios	8	4
Limpadora de edificios (Col. Est.)	4	1
Limpadora de edificios (Col. Vald.)	6,50	1
Limpadora de edificios vacacións	5	1
Limpadora piscina	9	1
Limpadora piscina vacacións	9	1
Limpeza viaria (interínaxe)	8	1
Limpeza viaria vacacións e verán	5	1
Monitor deportivo	12	1
Monitor obradoiros Cachón	6	1
Monitora arte floral	9	1
Monitora bordado	9	1
Monitora encaixe	9	1
Monitora informática (6 h/sem)	9	1
Monitora tempo libre (12 h/sem)	9	3
Normalizadora	12	1
Oficial electricista	8	1
Operario/conserxe Cultura (20 h/mes)	9	1
Operario/conserxe Cultura verán	3	1
Orientadora	9	1
Policía verán	3	2
Profesor de música (12 h/sem)	9	2
Profesor de música (17 h/sem)	9	1
Profesor de música (20 h/sem)	9	1
Profesor de música (6 h/sem)	9	1
Profesor e encargado da escola de música	12	1
Psicóloga (5 h/sem)	12	1
Socorristas	3	2
Socorristas	3	1
Substitucións enfermidade e contr. unx.	12	1
Traballadora social	12	1
Vela	1	2
Xerente/monitor/socorrista piscina	8,50	1
Xerente/monitor/socorrista piscina vacac.	0,71	1
TOTAIS		

Muros, 11 de xuño de 2009

O ALCALDE,

Asdo/ Domingos Dosil Cubelo

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

NEGREIRA

Licenza

Solicitando desta Alcaldía D./D^a Daniel José Blanco Sande, “Eira das Mimosas S.C.”, licenza municipal para apertura de establo para gando vacún de leite a situar en “Fonte dos Sapos” Pesadoira - Alvite, cumprindo o disposto no art. 8.1 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, no que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública por período de vinte días hábiles, coa fin de que durante o mesmo -que comezará a contarse desde o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia e no DOGA- poidan examinalo expediente, na Secretaría deste Concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas polas actividades que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

Negreira, a 8 de maio de 2009

O/A Alcalde/sa,

2009/9290

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

NEGREIRA

Licenza

EDICTO

Solicitando desta Alcaldía D./D^a. ARMANDO BARBAZÁN LEIS , licenza municipal para AMPLIACIÓN DE GRANXA MEDIO-AMBIENTAL (CON NAVE DE BOXES, PICADERO EXTERIOR, PISTA DEPORTIVA E PISCINA) a situar en BERGANDO - LOGROSA, cumprindo o disposto no art. 8.1 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, no que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública por período de vinte días hábiles, coa fin de que durante o mesmo -que comezará a contarse desde o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia e no DOGA- poidan examinalo expediente, na Secretaría deste Concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas polas actividades que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

NEGREIRA, a 19 de MAIO de 2009.

O/A Alcaldesa,

JUAN GARCÍA FUENTES

2009/9295

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****OLEIROS****Persoal**

Listaxe provisional de admitidos e excluídos no procedemento selectivo para a provisión de dúas prazas de operarios de servizos-carpinteiros

ANUNCIO

Por resolución da primeira tenente de alcalde delegada de interior, ditada en uso das competencias atribuídas polo D.A. núm. 2975/07 do 27 de xuño, aprobouse a listaxe provisional de admitidos e excluídos para participar procedemento selectivo para a provisión, por persoal laboral fixo, de dúas prazas de operarios de servizos-carpinteiros:

Admitidos:

	APELIDOS E NOME	D.N.I.
1.	AGRA GÓMEZ, BRUNO	32.769.014-V
2.	ALBERTE LÓPEZ, JOSÉ ANTONIO	32.837.062-P
3.	AÑÓN CAAMAÑO, MARCOS	79.327.255-W
4.	BALSA MOSQUERA, JAVIER	44.812.729-N
5.	BOADO SÁNCHEZ, SERGIO	47.360.898-B
6.	CARRO SAAVEDRA, VÍCTOR	47.370.229-G
7.	CASTRO GARCÍA, RAFAEL	79.323.807-G
8.	CEBRIAN GOROZARRI, BRAIS	46.917.473-A
9.	CRESPO CORREA, CAMILO	32.768.192-T
10.	DÍAZ PICO, MOISÉS	32.674.094-H
11.	DOMÍNGUEZ SERANTES, JOSÉ MANUEL	32.437.645-D
12.	FONTENLA GÓMEZ, LAURA MARÍA	36.148.973-B
13.	GARCÍA PARDO, MARCOS	34.888.672-H
14.	GARCÍA-TIZÓN VÁZQUEZ, LUÍS PÍO	34.889.418-M
15.	LAMAS CASAL, JUAN JOSÉ	34.888.721-K
16.	MACEIRA GIADANES, RAMÓN	44.810.448-P
17.	PAZ VIÑAS, ALFONSO	32.764.709-J
18.	PÉREZ SOUTO, BENITO	76.316.978-B
19.	PREGO LAHIDALGA, CARLOS MANUEL	32.801.461-B
20.	RABANAL ABELENDA, ESTEBAN	44.080.381-F
21.	RAMA REGUEIRO, CAMILO	32.829.580-R
22.	REY CORTÉS, VÍCTOR	32.779.485-T
23.	RODRÍGUEZ ESTÉVEZ, XOEL ADRIÁN	44.466.123-Q
24.	RODRÍGUEZ FERREÑO, FERNANDO	46.909.127-Y
25.	RODRÍGUEZ RUMBO, SERGIO	46.902.884-L
26.	SANCHEZ MANTEIGA, JOSÉ SANTOS	32.844.083-Z
27.	SANTOS FERNÁNDEZ, RAMÓN	32.807.713-F
28.	SERANTES SANMARTÍN, MARCOS	32.836.734-W
29.	SUÁREZ GARCÍA, JOSÉ MANUEL	47.351.942-W
30.	TABOADA BEATO, FERNANDO	07.814.828-A
31.	TOJA GÓMEZ, DAVID	32.830.628-Z
32.	VÁZQUEZ FURELOS, ÁNGEL	53.168.092-G
33.	VIEITES CASTRO, JESÚS GUMERSINDO	47.366.152-K

Excluídos:

	APELIDOS E NOME	D.N.I.	CAUSA DA EXCLUSIÓN
1.	CASTRO CARRIL, JORGE	34.898.181-M	FALTA COPIA DO D.N.I.
2.	GARCÍA SÁNCHEZ, CARLOS	76.346.939-A	FALTA COPIA DO D.N.I.
3.	LÓPEZ PÉREZ, JUAN ALEJANDRO	32.838.242-S	FALTA COPIA DO D.N.I.
4.	MUIÑOS REY, JUAN CARLOS	32.838.569-C	FALTA COPIA DO D.N.I.
5.	TOJO CASTRO, ENRIQUE	32.811.586-Q	FALTA COPIA DO D.N.I.

Confírese un prazo de DEZ DÍAS hábiles a contar desde o día seguinte ao da publicación destas resolucións no B.O.P da Coruña para os efectos de presentación de reclamacións e dos documentos requiridos.

Oleiros, 16 de xuño de 2009

A primeira tenente de alcalde delegada de Interior

María José Varela Neira.

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

OLEIROS

Secretaría Xeral

Anuncio de licitación para a contratación da obra denominada "Pavimentación das rúas Fonte Álvaro, Sucado, Castelo e Outras. Oleiros 2009"

ANUNCIO

Por Decreto da Alcaldía nº 2610/09, de 12 de xuño, aprobouse o expediente administrativo para a contratación, por medio de procedemento aberto con diversidade de criterios de valoración, da obra denominada "PAVIMENTACIÓN DAS RÚAS FONTE ÁLVARO, SUCADO, CASTELO E OUTRAS. OLEIROS 2009"

A través do presente anuncio convócase licitación de acordo coas seguintes condicións:

1. ENTIDADE ADXUDICADORA

- a) Organismo.- Concello de Oleiros.
- b) Dependencia que tramita o expediente.- Contratación.
- c) Número de expediente.- 23/09

2. OBXECTO DO CONTRATO

- a) Descrición do obxecto.- "PAVIMENTACIÓN DAS RÚAS FONTE ÁLVARO, SUCADO, CASTELO E OUTRAS. OLEIROS 2009"
- b) División por lotes e número.- Indivisión do obxecto do contrato. Non hai lotes
- c) Lugar de execucion.- rúas: Fonte Álvaro, Sucado, Castelo, Condús e A Cruz (Oleiros), Pedregal, Francisco Añón Paz e León Felipe (Nós), Castromén e Marola (Dexo), da Chave, O Real e Portela (Dorneda), Ribeira (Perillo), Tierno Galván (Maianca), Fieiteira, Espiñeiro, Gándara e Celso Emilio Ferreiro (Serantes), e do Enxido (Lians)
- d) Prazo de execución dos traballos.- Vinte e catro (24) semanas.

3. TRAMITACION, PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACION

- a) Tramitación.- ordinaria
- b) Procedemento.- aberto.
- c) Forma.- multiplicidade de criterios de avaliación.

4. ORZAMENTO BASE DE LICITACION

- a) Importe total.- 561.929,44 euros.

5. GARANTIAS

- a) Provisional.- Non se esixe
- b) Definitiva.- 5 % do importe de adxudicación, excluído o IVE.

6. OBTENCION DE INFORMACION

- a) Entidade.- Concello de Oleiros. Edificio anexo ó do Concello. Departamento de Contratación.
- b) Enderezo.- Parque Victor Jara, s/n
- b) Localidade e código postal.- 15173 - Oleiros.
- c) Teléfono.- 981.61.00.00
- d) Fax.- 981.64.81.18
- e) Data límite para obter documentos e información.- Durante o prazo de presentación de proposicións.
- f) Obtención de documentación.- A documentación relativa a esta contratación poderase obter no perfil de contratante do Concello de Oleiros (www.oleiros.org ou www.contrataciondelestado.es)

7. REQUISITOS ESPECÍFICOS DO CONTRATISTA

- a) Clasificación.- Grupo G (viais e pistas), subgrupo 6 (sen cualificación específica), categoría e).
- b) Solvencia.- O licitador deberá de concreta-los medios materiais e persoais que se adscribirán á obra, de conformidade coa cláusula 12.1, apartado F.2)

8. PRESENTACION DAS OFERTAS OU DAS SOLICITUDES DE PARTICIPACION

- a) Data límite de presentación.- Vinte e seis (26) días naturais contados a partir do día seguinte ó da publicación do último anuncio de licitación, xa sexa no BOP ou no perfil de contratante; rematando ás 13 horas.
- b) Documentación a presentar.- A establecida na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas.
- c) Lugar de presentación
 - * Entidade.- Concello de Oleiros.
 - * Enderezo.- Praza de Galicia, nº 1
 - * Localidade e código postal.- 15173 - Oleiros.
- d) Prazo durante o cal o licitador ten a obriga de mante-la súa oferta.- Dous meses contados desde a apertura das proposicións.

9. APERTURA DAS OFERTAS

- a) Entidade.- Concello de Oleiros.
- b) Enderezo.- Praza de Galicia, nº 1
- c) Localidade.- Oleiros.
- d) Data e hora.- Indicarase no anuncio que se publique no perfil do contratante do Concello de Oleiros.

10. OUTRAS INFORMACIÓNS

Taxa pola presentación de proposicións: 77,04 €

Taxa pola formalización do contrato en documento administrativo (só o adxudicatario): 7,72 €

11. GASTOS DE ANUNCIOS.- Serán de conta do adxudicatario os gastos de publicación de anuncios de licitación en diarios oficiais e medios de comunicación, así como os de adxudicación.

Oleiros, 22 de xuño do 2009

O ALCALDE

Asdo: Angel García Seoane.

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

OROSO

Anuncio de nomeamento de D. Javier Santos González como funcionario de carreira do Concello de Oroso

Faise público o nomeamento de D. Javier Santos González., provisto de D.N.I. núm. 35.572.590-P como funcionario de carreira da Escala de Administración Xeral, Subescala administrativa, do Cadro de Persoal deste Concello. O nomeamento realizase por Resolución da Alcaldía do 10 de xuño de 2009, unha vez concluído o proceso selectivo.

O que se fai público en cumprimento do preceptuado no artigo 25 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do Estado.

Oroso, 12 de xuño de 2009

O alcalde

Asdo.: Manuel Mirás Franqueira.

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ROIS

Aprobación de bases reguladoras de subvencions a asociacións do Concello para o ano 2009

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A ASOCIACIÓNS CULTURAIS, DEPORTIVAS, VECIÑAIS E EDUCATIVAS E PARA ACTIVIDADES DE REINSERCIÓN SOCIAL DO CONCELLO DE ROIS PARA O ANO 2009

Primeira- Obxecto

A presente convocatoria ten por obxecto a concesión de subvencions en réxime de concorrencia competitiva a asociacións sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de actividades culturais, deportivas, veciñais, educativas e con fins de reinserción social, de conformidade e en desenvolvemento da Ordenanza reguladora de subvencions a asociacións, aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación e publicada no BOP de data 6 de outubro de 2004.

As actividades obxecto de subvención deberán ser aquelas que suplan ou complementen as competencias do Concello ou contribúan o fomento dos intereses da bisbarra.

Segunda- Crédito orzamentario

O Concello de Rois destinará unha cantidade máxima de 13.000,00 € consignada na partida 422 48902 SUBVENCIÓNS ACTIVIDADES EDUCATIVAS do Orzamento do ano 2009 para asociacións educativas e Colexios; unha cantidade máxima de 9.800,00 € consignada na partida 451 48903 SUBVENCIÓNS ACTIVIDADES CULTURAIS para asociacións culturais; unha cantidade máxima de 7.000,00 € consignada na partida 452 48900 SUBVENCIÓNS ACTIVIDADES DEPORTIVAS para asociacións deportivas; unha cantidade máxima de 5.000,00 € consignada na partida 463 48904 SUBVENCIÓNS ACTIVIDADES PARTICIPACIÓN CIADÁN para asociacións veciñais, e unha cantidade máxima de 2.000,00 € consignada na partida 323 48906 SUBVENCIÓNS PARA ACTIVIDADES DE REINSERCIÓN SOCIAL para asociacións de persoas con discapacidade.

Terceira- Beneficiarios

Poderán ser beneficiarios de ditas subvencions as Asociacións que reúnan os seguintes requisitos:

- o Estar ao corrente das súas obrigas contributivas co Concello de Rois e ter xustificado debidamente o gasto das subvencions concedidas por este Concello en anos anteriores.
- o Estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, de conformidade co disposto no artigo 8 da Ordenanza reguladora de subvencions aprobada polo Concello.

Cuarta- Solicitude

As solicitudes deberán formalizarse mediante instancia dirixida ao Sr Alcalde Presidente do Concello de Rois, conforme o modelo que se inclúe no anexo I destas bases, podendo presentarse directamente no Rexistro Xeral do Concello sito en C/ Lugar de Samil, 1 (15911) ROIS, ou por calquera dos medios previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/99, de 13 de xaneiro.

Quinta- Documentación a presentar

A solicitude segundo ANEXO I das Bases, deberá acompañarse da seguinte documentación:

1. Memoria de actividades que a Asociación ten previsto realizar ou certificado da non realización de ditas actividades, firmado polo representante da asociación ou pola persoa que o substitúa.(ANEXO 2)
2. Orzamento de gastos e ingresos, onde se recollen os gastos e ingresos previstos nese ano pola asociación.(ANEXO 3)
3. Declaración xurada de atoparse ao corrente nas obrigas fiscais e coa seguridade social.(ANEXO 4)
4. Declaración xurada das axudas concedidas por calquera Administración Publica ou ente público ou privado; no caso de non ter concedidas outras axudas, declaración de non percepción de axudas.(ANEXO 6)
5. Copia do CIF no caso de non terse este no Concello.

6. Documento acreditativo da representación de quen actúa en nome da asociación solicitante da subvención

7. Certificado de titularidade de conta corrente, número de conta e entidade bancaria, onde debe facerse efectivo o pago da subvención

No caso de existir modificación de datos respecto da documentación que obra en poder do Concello, deberán comunicarse ao Concello para actualizar os datos aos efectos de que se faga constar no Rexistro Municipal de Asociacións.

Sexta- prazo de presentación de solicitudes e subsanación

1.- O prazo de presentación de solicitudes e documentación da Base quinta será de 1 mes a contar dende o día seguinte á publicación das presentes Bases no BOP

2.- Se a documentación aportada pola Asociación non reúne tódolos requisitos, requirirase ao interesado para que no prazo de 10 días presente os documentos ou complete a documentación. De non facelo así, perderá o dereito a percibir a subvención.

3.- O Concello de Rois, en todo momento, poderá requirir a presentación de outros documentos que garanten o cumprimento dos requisitos presentados nestas bases.

Sétima- Criterios de valoración

A concesión de subvencións realizarase mediante o réxime de concorrencia competitiva, por resolución da Alcaldía-Presidencia ou da Xunta de Goberno Local segundo quen sexa o órgano competente, a proposta motivada da Comisión avaliadora.

A Comisión avaliadora estará composta polos seguintes membros:

- Presidente: Alcalde-Presidente do Concello.

- Vocais:

Tenente de Alcalde D. Manuel Dos Santos Rodríguez

Concelleira de Cultura Dña. M^a Victoria Quiroga Ramallo

Concelleira de Asuntos Sociais Dña Mercedes Basante Ares

- Secretario: o da Corporación ou funcionario en quen delegue

A selección das peticións e a contía das subvencións determinaranse unha vez consideradas as actividades e investimentos que se van realizar, ponderando as seguintes circunstancias:

o Que as actividades estean dirixidas á poboación do Concello de Rois, e non só aos asociados, ata 2 puntos

o Interese sociocultural da actividade, ata 2 puntos

o Continuidade e estabilidade da actividade, ata 1 punto

o Adecuación do Orzamento presentado ao custo real da actividade, ata 1 punto

o Maior número de socios, ata 2 puntos

o Maior cantidade de poboación destinataria da actividade a subvencionar, ata 2 puntos

o A participación de persoas con minusvalía, ata 1 punto.

o Adecuación das actividades ou investimentos que se van a realizar ao interese local, ata 4 puntos

o Beneficios para o medio ambiente, ata 2 puntos

o Potenciamento do idioma e da cultura galega, ata 3 puntos

Oitava- Resolución

A documentación presentada estudarase e valorarase en base as solicitudes presentadas ante a Comisión avaliadora, dictándose Resolución nun prazo que, en ningún caso poderá exceder do prazo de 6 meses dende a publicación das Bases ou en todo caso, do exercicio económico correspondente.

A resolución da convocatoria dictarase por Alcaldía no caso de que subvención non exceda de 3.005,06 €, da Xunta de Goberno Local se excede de 3.005,06 € e é inferior a 12.000,00 € ou do Pleno no caso de subvencións cun importe superior a 12.000,00 €.

A notificación da Resolución axustarase ás disposicións contidas no artigo 59 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Novena- Contía da subvención

Concedida a subvención, poderase abonar unha vez xustificado o total da subvención concedida dentro do ano en curso.

A contía das subvencións determinarase en función do orzamento destinado ás mesmas.

A asociación deberá xustificar o orzamento total de cada unha das actividades que pretenden ser subvencionadas.

No caso de que actividade executada se reduza respecto á previsión inicial, a subvención municipal reducirase proporcionalmente.

Décima- Prazo e documentación da xustificación

Os beneficiarios deben xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención, en todo caso, antes do 15 de decembro do ano en curso.

Para elo, deberán presentar a seguinte documentación

- 1) Declaración xurada de atoparse ao corrente nas obrigas e pagos coa Facenda Municipal (ANEXO 5)
- 2) Declaración xurada das axudas concedidas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración Pública ou ente público ou privado; no caso de non ter concedidas outras axudas, declaración de non percepción de axudas.(ANEXO 6)
- 3) Memoria de actividades realizadas e para as que solicitou a subvención (ANEXO 7)
- 4) Conta de gastos e ingresos efectivamente producidos durante o ano (ANEXO 8)
- 5) Facturas da actividade, xunto coa relación de facturas firmada polo representante da asociación, indicando o concepto e o importe (ANEXO 9)

A falta de presentación desta documentación antes do 15 de decembro do ano en curso, así como o incumprimento na realización de actividades ou finalidades, implicará a perda da subvención.

Undécima- Pago e anticipos

O pago da subvención realizarase previa xustificación polos beneficiarios do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Previo petición polo interesado, resultando beneficiario da concesión da subvención e con carácter previo a xustificación total, tamén poderán realizarse pagos anticipados ata un 50 % da cantidade concedida, presentando facturas acreditativas do gasto de ese importe e acreditando estar o corrente cos pagos do Concello.

O resto da subvención percibirase unha vez se xustifique o total do gasto.

Duodécima- Reintegro

Procederase ao reintegro das cantidades percibidas nos seguintes casos:

- o Incumprimento da obriga de xustificación
- o Obter a subvención sen reunir os requisitos para elo
- o Non realizar as actividades obxecto da subvención

Nota: Todos os anexos estarán a disposición nas oficinas municipais

Rois, a 10 de xuño de 2009

O ALCALDE,

Asdo.: Ramón Tojo Lens

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SADA

Contrato administrativo

ANUNCIO

1.- ENTIDADE ADXUDICADORA:

- a) Organismo: CONCELLO DE SADA
- b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría
- c) Número de expediente: 36/2008

2.- OBXECTO DO CONTRATO:

- a) Descripción do obxecto: SERVIZO DE LIMPEZA VIARIA E DE PRAIAS
- b) División por lotes e número: Non
- c) Lugar de execución: Termo municipal de Sada
- d) Prazo de execución: 4 anos, con posibilidade de dúas prórrogas dun ano cada unha

3.- TRAMITACIÓN, PROCEDIMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN:

- a) Tramitación: Ordinaria
- b) Procedimiento: Aberto con con multiplicidade de criterios de adxudicación

4.- ORZAMENTO DE LICITACIÓN:

Prezo sen IVE: 525.700,93 €

IVE: 36.799,07 €

Importe total: 562.500,00 € Anuais

5.- PUBLICIDADE.- Boletín Oficial da Provincia nº 277 e data 1/12/08

6.- ADXUDICACIÓN:

- a) Data adxudicación provisional: 26/03/2009
- b) Data adxudicación definitiva: 12/05/2009
- c) Contratista: URBASER S.A.
- d) Nacionalidade: Española
- e) Importe adxudicación:

Prezo: 463.170,09

IVE: 32.421,91

Total: 495.592,00 anuais

Sada, 4 de xuño de 2009

O alcade,

Asdo.- Abel López Soto

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANTA COMBA

Resolución nº 0652/09. Caducidade e baixa de estranxeira non comunitaria no padrón municipal de habitantes

A lei orgánica 14/2003, de 20 de novembro, no seu artigo 3 modifica a lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e introduce, entre outras, unha modificación no artigo 16 que establece a renovación periódica cada dous anos das inscricións no Padrón municipal de habitantes dos estranxeiros non comunitarios sen autorización de residencia permanente e a caducidade de ditas inscricións no caso de que os interesados non procedesen a tal renovación. Neste caso a caducidade poderá declararse sen necesidade de audiencia previa aos interesados.

De conformidade coa lexislación aplicable nesta materia,

RESOLVO

Primeiro.- Declara-la caducidade da inscrición no padrón municipal de habitantes deste concello da persoa que se relaciona a continuación, por non ter renovada a súa inscrición padroal transcorrido o prazo de dous anos e en consecuencia acorda-la baixa con data 5 de xuño de 2009 de dita inscrición por caducidade:

- Dona HILDA BEATRIZ LUYA PAUCAR, con nº de tarxeta de residencia X8082008S.

Segundo.- Publica-la presente resolución no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do concello aos efectos de dar coñecemento da mesma aos interesado/s e dar consta ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se celebre.

Esta resolución, ó abeiro do artigo 109 da lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, pon fin á vía administrativa e contra ela poderanse interpoñer:

- Con carácter potestativo o recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou esta resolución, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da notificación da presente resolución, nos termos dos artigos 116 e 117 da lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na súa redacción dada pola lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

- Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo de conformidade co disposto na lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da notificación deste acto. Se a resolución non fora expresa, o prazo de interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contados a partir do día seguinte en que deba entenderse desestimado o recurso potestativo de reposición interposto. No caso de interpoñerse o recurso contencioso-administrativo directamente, o prazo será de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación do presente acordo.

- O recurso extraordinario de revisión de acordo co artigo 118 da lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou calquera outro que estime procedente.

Mándaos e asínaos o sr. alcalde, don Miguel Pérez Fernández, en Santa Comba a seis de xuño de dous mil nove. De que, como secretaria, certifico.

O ALCALDE,

A SECRETARIA,

2009/9287

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SOBRADO

Aprobación definitiva do Regulamento de funcionamento do punto limpo do Concello de Sobrado

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación na sesión ordinaria de data 13 de abril de 2009 e rematado o prazo de exposición pública sen que se presentaran reclamacións ou suxerencias, enténdese aprobado definitivamente o Regulamento de funcionamento do Punto Limpo deste Concello, conforme ao establecido no artigo 49 da Ley 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. O seu texto íntegro é o seguinte:

REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO PUNTO LIMPO DO CONCELLO DE SOBRADO.

Artigo 1º. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN.

1.- O presente Regulamento ten por obxecto regular as actividades relacionadas coa posta en marcha e funcionamento do Punto Limpo de residuos no termo municipal de Sobrado.

2.- A titularidade e competencia do Punto Limpo é municipal e estará regulado segundo as disposicións legais e regulamentarias que existan sobre a materia.

3.- Para a explotación do Punto Limpo o Concello poderá acudir a calquera das formas de xestión directa ou indirecta establecidas na lexislación vixente.

Artigo 2º. DEFINICIÓNS.

1.- O Punto limpo de Sobrado é una instalación situada no lugar de Campos Arengados-Amilladoiro na parroquia de Porta, onde se efectúa a recepción, previamente seleccionada, de certos tipos de residuos domésticos que pola súa natureza non son obxecto habitual do servizo de recollida de residuos urbanos. Constitúe, por tanto, un sistema de recollida selectiva, sendo un centro de recepción, almacenaxe, selección e valoración dos residuos municipais que non teñan canalización de recollida diaria, nin domiciliaria.

2.- En ningún caso se trata dun vertedoiro, senón dun lugar onde se almacenan temporalmente os residuos para ser posteriormente trasladados a xestores autorizados.

3.- A instalación ten as seguintes características: Recinto pechado perimétralmente na súa totalidade. O acceso ao público consta cun posto de información ao usuario e de vixilancia. A entrada conducirá á plataforma superior onde están situados os diferentes contedores para cada un dos residuos, con indicación expresa mediante sinais horizontais debuxados sobre o pavimento. Conta cunha zona cuberta, almacén de residuos perigosos, onde se depositan certos residuos especiais. A zona de depósito dos residuos dispón de espazo suficiente para realizar as actividades de descarga de residuos, podendo manobrar correctamente, tanto os vehículos particulares como os vehículos recolledores dos residuos.

Artigo 3º: OBXECTIVOS.

Os principais obxectivos do sistema de recollida a través do Punto Limpo son os seguintes:

1.- O servizo os cidadáns como centro de achega voluntaria para a recollida selectiva dos residuos producidos no ámbito domiciliario.

2.- Sensibilizar aos cidadáns respecto da separación e recuperación dos residuos.

3.- Evitar o vertido incontrolado dos residuos de gran tamaño que non poden ser eliminados por medio dos servizos convencionais de recollida de lixo.

4.- Evitar o vertido de entullos e outros no medio natural, rural e urbán do termo municipal de Sobrado.

5.- Separar os residuos perigosos que se xeran nos fogares, para evitar que a súa eliminación conxunta co resto do lixo urbán ou mediante vertido á rede de saneamento supoña risco para a salubridade pública, danos á instalación de tratamento ou contaminación do medio ambiente.

6.- Aproveitar aqueles materiais contidos nos residuos urbanos que podrn ser reciclados directamente e conseguir, con isto, un aforro en materiais e en enerxía, así como tratar e/ou elimiar residuos.

Artigo 4º.- SERVIZOS QUE PRESTA O PUNTO LIMPO.

Os servizos que presta o punto limpo de de Sobrado son os seguintes:

- 1.- Recepción de residuos domésticos previamente clasificados polo usuario para o seu posterior transporte aos lugares axeitados para o seu tratamento.
- 2.- Control da procedencia, cantidade e natureza dos residuos que se depositan.
- 3.- Envío destes residuos a xestores autorizados, para o seu tratamento.
- 4.- Mantemento e xestión chas instalacións pertencentes ao punto limpo.
- 5.- Colaboración coa Dirección Xeral de Avaliación Ambiental para o estudo e seguimento do nivel de concienciación dos cidadáns e do uso que se está a facer dos Puntos Limpos de Galicia, enviando relacións periódicas do volume de cada tipo de residuo recollido no punto limpo.
- 6.- Prohíbese a entrada de residuos de orixe industrial. As actividades industriais deberán xestionar os seus propios residuos a través de xestores autorizados pola Xunta de Galicia.

Artigo 5°.- TIPOLOXÍA DOS RESIDUOS.

- 1.- Son residuos admisibles no Punto Limpo os seguintes:

A) COMÚNS:

- Vidro
- Papel e Cartón
- Bricks, latas e envases de plástico lixeiros
- Madeiras .
- Restos metálicos do fogar: tixolas, potas,... (aluminio, ferro, cobre, bronce, aceiro inoxidable)
- Plásticos e plásticos agrícolas
- Textiles (roupa, calzado, etc).

B) RESIDUOS VOLUMINOSOS:

- Electrodomésticos sen gas CFC : lavalouzas, lavadoras, cociñas, quentadores de auga, aparatos de música, ordenadores, etc.
- Enseres, mobles, colchóns, somieres, caixas, portas, marcos, etc.
- Entullos e cascotes de pequenas obras domésticas.

C) RESIDUOS TÓXICOS E PERIGOSOS:

- Aceites vexetais de cociña e aceites minerais.
- Disolventes, pinturas e vernices.
- Baterías.
- Pilas
- Esprays e aerosois.
- Radiografías
- Fluorescentes
- Electrodomésticos con CFC: frigoríficos e conxeladores.
- Televisores e pantallas de ordenadores.
- Cartuchos e tóners de fotocopiadoras e impresoras.

- 2.- Son residuos non admisibles no punto limpo do Concello de Sobrado os seguintes:

- Materias sen clasificar.
- Materia orgánica
- Residuos infecciosos, clínicos, biosanitarios ou citolóxicos.
- Residuos radiactivos (pararraios, etc).
- Residuos industriais ou comerciais.
- Residuos procedentes de actividades agrícolas ou gandeiras.
- Residuos xerados por actividades mineiras ou extractivas.

-Productos procedentes de comisados.

-Medicamentos e os seus envases.

-Neumáticos.

-Recipientes voluminosos metálicos ou plásticos de de aproximadamente 25 litros ou superiores que contivesen produtos tóxicos ou perigosos.

-Animais mortos: a pesar de seren considerados como residuo urbano, os animais de compañía mortos réxense pola normativa existente en materia de subproductos animais non destinados ao consumo humano, Regulamento (CE) 1774/2002 do Parlamento Europeo e do Consello Europeo, do 3 de outubro de 2002.

-Calquera outro residuo que non se enumere na lista de residuos admisibles, e que sexa fácilmente identificable.

3.- Os residuos deberán estar sempre perfectamente separados, nunca mesturados, e seguindo unhas normas de presentación, que son as seguintes:

a) Papel e cartón: As caixas de cartón deberanse abrir e comprimir para reducir o volume dos residuos. O papel debe-rase presentar en bolsas ou caixas pechadas para evitar o seu espaxamento.

b) Vidrio, fluorescentes e cristais varios. Deberanse acondicionar de maneira que se evite a súa rotura e poida ocasionar riscos de seguridade para as persoas encargadas da manipulación dos residuos.

c) Pilas: deberanse separar os diferentes tipos de pilas segundo a súa natureza.

d) Entullos. Deberanse presentar en sacos ou bolsas de plástico pechadas de 25 kg máximo.

e) Aceites vexetais e minerais: deberanse presentar en garrafas ou botellas de plástico tomando as medida necesarias para evitar derrames, almacenándose separadamente segundo a súa natureza.

f) Plástico agrícola: presentarase libre de restos orgánicos e debidamente pregado para reducir o seu volumen.

g) Poda e restos vexetais: Na medida do posible, a medida das pólas non excederá dun metro.

h) Disolventes, pinturas e vernices: prohíbese a mestura destas substancias, evitarase o seu vertido en caso de trasvasamento.

i) Frigoríficos e electrodomésticos con gases CFC: entregaranse sen que se produza a rotura do circuito de refrixeración.

j) Textiles: entregarase a roupa sen botón nin cremalleiras.

4.- Cantidad máxima por usuario:

Para evitar que a capacidade de almacenamento do punto limpo se vexa comprometida, regúlase o número e peso máximo dalgúns dos residuos que se aceptan, deste xeito os usuarios non poderán depositar cantidades superiores as seguintes:

RESIDUOS COMÚNS	CANTIDADE MÁXIMA
Vidrio	20 kilos
Papel e cartón	20 kilos
Bricks, latas e envases lixeiros	Capacidade do colector
Poda e restos vexetais	Capacidade do colector
Restos metálicos do fogar: tixolas, potas ... (aluminio, ferro, cobre, bronce, aceiro inox.)	50 kilos / mes
Plásticos	Capacidade do colector
Plásticos agrícolas	Capacidade do colector
Textiles: roupa, calzado	10 kilos / mes
RESIDUOS VOLUMINOSOS E PERIGOSOS	CANTIDADE MÁXIMA
cociñas, quantadores de auga, aparatos de música, ordenadores	2 de cada clase o ano
Utensilios, mobles, colchóns, somieres, caixas, portas e marcos	6 de cada clase o ano
Entullos de obras no fogar	100 kilos / mes
Aceites vexetais e minerais	10 litros de cada clase / mes
Disolventes, pinturas e vernices	50 kilos / ano
Pilas e baterías	Capacidade do colector
Aerosois e Esprays	10 unidades / mes
Radiografías	20 unidades / ano
Fluorescentes	15 unidades / ano
Electrodomésticos con gas CFC	2 unidades / ano
Televisores e monitores	3 unidades / ano
Cartuchos e tóners	40 unidades / ano

Artigo 6°.- USUARIOS DO PUNTO LIMPO.

1.- Son usuarios do punto limpo todos os veciños do Concello de Sobrado que queiran depositar os seus residuos domiciliarios de forma selectiva, de conformidade co establecido no artigo anterior. O punto limpo é un servizo deseñado para asimilar residuos procedentes de particulares e pequeno comercio, non residuos industriais de empresas.

2.- O punto limpo estará a disposición daqueles cidadáns que acheguen volumes de residuos que non superen os valores prefixados.

Artigo 7°.- FUNCIONAMENTO E XESTIÓN.

